

MATEMÁTICAS - PRIMEIRO

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.2. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais polo traballo matemático ben feito.	B1.2. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais polo traballo matemático ben feito. CMCT // CAA
B2.1. Ler, escribir e ordenar números enteiros utilizando razoamentos apropiados.	MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 99. CMCT // CCL
B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.	MTB2.3.1. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de suma na resolución de problemas contextualizados. CMCT MTB2.3.2. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de resta (sen levadas) na resolución de problemas contextualizados. CMCT
B3.4. Iníciase no coñecemento das unidades básicas de medida do tempo e as súas relacións, utilizándoas para resolver problemas da vida diaria.	MTB3.4.1. Coñece e utiliza as unidades de medida do tempo e as súas relación. Minuto, hora, día, semana e ano. CMCT
B4.1. Interpretar representacións espaciais sinxelas realizadas a partir de sistemas de referencia e de obxectos ou situacións familiares.	MTB4.1.1. Describe a situación dun obxecto do espazo próximo en relación a un mesmo utilizando os conceptos de esquerda-dereita, diante-detrás, arriba-abaixo, preto-lonxe e próximo-afastado. CMCT // CAA // CCL
B4.2. Coñecer as figuras planas básicas: cadrado, círculo, rectángulo e triángulo.	MTB4.2.1. Recoñece formas rectangulares, triangulares e circulares en obxectos do contorno inmediato. CMCT // CAA

MATEMÁTICAS - SEGUNDO

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.2. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais polo traballo matemático ben feito.	MTB1.2.1. Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo limpo, claro e ordenado no caderno e en calquera aspecto que se vaia traballar na área de Matemáticas. CMCT // CAA
B2.1. Ler, escribir e ordenar números enteiros utilizando razoamentos apropiados.	MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 999. CMCT // CCL MTB2.1.3. Realiza correctamente series tanto ascendentes como descendentes. CMCT // CAA
B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.	MTB2.3.1. Realiza cálculos numéricos coas operacións de suma e resta na resolución de problemas contextualizados. CMCT // CAA MTB2.3.2. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación da multiplicación na resolución de problemas contextualizados. CMCT // CAA
B3.1. Coñecer e utilizar o quilómetro, o metro e o centímetro como unidades de medida de lonxitude.	MTB3.1.1. Coñece e utiliza o quilómetro, o metro e o centímetro como unidades de medida de lonxitude. CMCT MTB3.2.1. Coñece e utiliza o quilo, o medio quilo e o cuarto quilo como unidades de medida de peso. CMCT MTB3.3.1. Coñece e utiliza o litro, medio litro e cuarto litro como unidades de medida de capacidade. CMCT
B5.1. Recoller e rexistrar unha información cuantificable, utilizando algúns recursos de representación gráfica: táboas de datos, bloques de barras, diagramas lineais, gráficos de pictogramas... comunicando a información.	MTB5.1.1. Rexistra e interpreta datos en representacións gráficas. CMCT // CAA

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA - CURSO 2019/2020

INSTRUCCIÓN DO 27 DE ABRIL DE 2020, DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA PARA O DESENVOLVEMENTO DO TERCEIRO TRIMESTRE DO CURSO ACADÉMICO 2019/20, NOS CENTROS DOCENTES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DA TERCEIRA AVALIACIÓN

2.1. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS

Valorarase a entrega das diferentes tarefas, a calidade das mesmas, poñendo especial interese na expresión escrita e na comprensión dos contidos. Tamén se valorará o progreso do alumnado.

2.2. CUALIFICACIÓN FINAL

A **avaliación final** das aprendizaxes do alumnado durante o curso 2019-2020, **realizarase** sobre as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres, así como as actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que se desenvolvan durante o terceiro trimestre sempre e cando se beneficie ao alumnado.

Os **resultados da 3ª avaliación** sempre sumarán. O máximo que poderán sumar será de 2 puntos sobre as outras dúas avaliacións.

1 punto: entrega das tarefas.

0,5 puntos: calidade das tarefas entregadas (expresión escrita).

0,5 puntos: comprensión e aplicación dos contidos.

2.3. PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO

Non hai alumnado que precise realizar a proba extraordinaria de setembro.

2.4. AVALIACIÓN DE MATERIA PENDENTE

Non hai alumnado con ningunha materia pendente.

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO TERCEIRO TRIMESTRE

3.1. ACTIVIDADES

Neste terceiro trimestre, debido ás circunstancias, as actividades serán de repaso, reforzo e no seu caso, de ampliación.

3.2. METODOLOXÍA

As actividades fixéronse chegar por diferentes medios (teléfono, correo electrónico,...) para que todo o alumnado poidese recibilas.

3.3. MATERIAIS E RECURSOS

Libro de texto, fichas, caderno do alumnado, videos on line,...

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

4.1. INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS

Teléfono, e-mail, web colexio,....

4.2. PUBLICIDADE

Páxina web do centro.